

PROXECTO DE DECRETO polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, foi modificado polo Decreto 60/2019, do 23 de maio.

A disposición transitoria segunda do Decreto 37/2006, engadida polo Decreto 60/2019, establece que unha vez rematadas as primeiras probas selectivas de acceso ao corpo, escala, especialidade, grupo, subgrupo ou agrupación profesional de persoal funcionario para incorporar o persoal laboral funcionarizado ou para dar cobertura ás prazas funcionarizadas orixinariamente clasificadas como laborais, establecerase, se é o caso, unha única lista de chamamentos na cal se valorarán por igual os servizos prestados en virtude de relación xurídica funcional e laboral na categoría funcionarizada.

Esta disposición foi desenvolta pola Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 20 de xullo de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2021. Na disposición transitoria segunda da devandita orde dispónse que a unificación e elaboración das listas únicas comezará coas correspondentes aos corpos, escalas e especialidades afectadas polos procesos de funcionarización convocados por Resolúcións da Dirección Xeral da Función Pública do 7 de febreiro de 2020. O devandito proceso de elaboración das listas únicas xa se iniciou en virtude das Resolúcións do 6 de outubro de 2021 (DOG do 8 de outubro) e do 11 de outubro de 2021 (DOG do 18 de outubro).

O proceso de implantación de listas únicas de acordo coa normativa referenciada comporta a necesidade de adaptar as previsións vixentes en materia de prazos e periodicidade dos mecanismos de actualización de méritos que nela se prevén, sen menoscabo das posibilidades de formular reclamacións das que dispoñen as persoas interesadas.

O contido do presente decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das Administracións públicas. Na tramitación da norma posibilitouse a participación da cidadanía a través da publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, oída a Comisión de Persoal, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública (e de acordo co/ oído o Consello Consultivo/ oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou polo conselleiro (ou conselleiros/as...), logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do de de dous mil vintedous,

DISPOÑO:

«Artigo único. Modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda modificado como segue:

O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. Actualización de méritos

A actualización de méritos realizarase anualmente de oficio pola Administración na data que se estableza mediante Resolución da dirección xeral competente en materia de función pública que se publicará no Diario

Oficial de Galicia. Nesta resolución darase publicidade á lista provisional, dispoñendo os interesados dun prazo de dez días para reclamar no caso de non estar conformes coa mesma ».

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2022.